

# RESUMO DE NOTÍCIAS

## GALIZA – 2º trimestre 2013

---



ONDE NON CHEGAN OS RECORTES

### **531.384 euros para capeláns nos hospitais galegos**

03/04/2013

O Sergas gasta actualmente 531.384 euros en pagar os salarios dun total de 41 capeláns da Igrexa católica que prestan os seus servizos nos hospitais da rede pública galega. Así o acaba de revelar o Goberno galego nunha resposta a unha pregunta formulada polo grupo socialista que incluía outras cuestións que o goberno non contesta.

<http://esculca.net/web/node/3574#.UdaW-KwR270>



EN CAUSA ABERTA POR MORTE NO CÁRCERE DE BONXE

### **EsCULcA comparece como acusación popular**

04/04/2013

Con data 19 de marzo, a titular do Xulgado de Instrución núm. 1 de Lugo ditou resolución admitindo a comparecencia de EsCULcA como acusación popular na causa que se segue pola morte de E.A.P.L., interno no cárcere de Bonxe que faleceu en agosto de 2011 durante unha saída autorizada e ao que presumiblemente non se prestou a asistencia médica debida no centro penitenciario.

<http://esculca.net/web/node/3576#.UdaW16wR270>



## CÁMARA GALEGO ASASINADO EN BAGDAG **10 anos da morte de José Couso**

08/04/2013

Pasaron xa dez anos desde que un tanque estadounidense deu cabo en Bagdag da vida do cámara galego José Couso e aínda non se logrou sentar no banco os oficiais imputados. Os papeis desvelados por Wikileaks demostran até que punto a complicidade entre os gobernos de EEUU e España logrou que, polo momento, non se teña feito xustiza.

<http://esculca.net/web/node/3586#.UdaWtawR270>



AS FOTOTRAFÍAS DE FEIJÓO

## **EsCULcA insta o Valedor a demitir por intervención parcial**

09/04/2013

O 8 de abril EsCULcA enviou escrito a José Julio Fernández en que o insta a presentar a renunciar ao seu cargo de Valedor do Pobo "co fin de salvagardar ao prestixio da institución", despois de ter tomado publicamente partido no escándalo suscitado pola publicación de fotografías que relacionan o Sr. Feijóo cun narcotraficante actualmente en prisión.

<http://esculca.net/web/node/3587#.UdaWmqwR270>



CONVOCAN CONCENTRACIÓN SOLIDARIA O 17 DE ABRIL

## **Familiares e amigas de Noelia Cotelo envían escrito ao Xulgado de Ávila**

15/04/2013

Familiares, amigas, compañeiros de Noelia Cotelo Riveiro enviaron ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Ávila escrito en que mostran a súa preocupación pola inacción da xustiza perante as reiteradas denuncias de malos tratos, tortura presentadas e infraccións penitenciarias e convocan concentracións solidarias o próximo día 17 de abril.

<http://esculca.net/web/node/3595#.UdaWdKwR270>



NO CADRO DA CAMPAÑA "SALVEMOS A HOSPITALIDADE"

## **O FGI presenta texto aos grupos do Concello de Compostela**

19/04/2013

No cadro da campaña que desenvolve contra a modificación do artigo 318bis do Código Penal, o Foro Galego de Inmigración presentou aos grupos políticos con representación no Concello de Compostela o texto da Moción "Salvem os a Hospitalidade", coa solicitude de que sexa debatido e aprobado polo pleno municipal no mais breve prazo posíbel.

<http://esculca.net/web/node/3601#.UdaWSawR270>



PODER XUDICIAL E LIBERDADE DE EXPRESIÓN

## **Na procura dunha sentenza amiga**

03/05/2013

Unha semana antes do 17 de maio, o presidente da MNL terá que declarar de novo na Audiencia da Coruña pola súa defensa da Lei de Normalización Lingüística. Fora absolto da acusación presentada polo ex-xuíz decano da Coruña, Antonio Fraga Mandián, por lle chamar a atención perante a súa afirmación de que utilizaba a "ilegalidad del topónimo La Coruña" sen rubor.

<http://esculca.net/web/node/3617#.UdaWAawR270>



CÁRCERES, CENTROS DE MENORES E PERSOAS MIGRANTES

## **Reunión de EsCULcA co Valedor do Pobo en funcións**

06/05/2013

O día 2 de maio, Rosa Verdugo, membro da Xunta Directiva de EsCULcA, mantivo unha reunión con o Valedor do Pobo en funcións, José Julio Fernández Rodríguez, no decurso da cal entregou documentación sobre diferentes asuntos que requiren solucións urxentes relacionados coa política penitenciaria, os centros de menores e as persoas migrantes.

<http://esculca.net/web/node/3623#.UdaV2KwR270>



POR ALEGADO USO DE RIGOR INNECESARIO

## **Citado a declarar como imputado funcionario de Teixeiro**

09/05/2013

A xuíza do Xulgado de Instrución núm. 2 de Betanzos citou a declarar como imputado o próximo 14 de xuño o funcionario do CP de Teixeiro nº 312. O 16/05/2012 EsCULcA presentara querela criminal contra funcionarios do centro por alegados delitos de tortura, rigor innecesario e lesións contra funcionarios ao interno F.J.F.C.

<http://esculca.net/web/node/3627#.UdaVpqwR270>



NAS PORTAS DO ZORRILLA DE VALLADOLID

## **Siareiro do Dépor retido por negarse a entregar a estreleira**

12/05/2013

Axentes da PN reteñen 30 minutos un siareiro do Depor que se negou a que lle requisasen a bandeira nacionalista galega. A acta policial fala da “bandera independentista gallega” como unha cuestión de orde pública. Non foi o único incidente coas bandeiras galegas no Zorrilla, onde si campaban as bandeiras españolas, mesmo as de escudo franquista.

<http://esculca.net/web/node/3629#.UdaVi6wR270>



PRESIDENTE DE CÁMARA MUNICIPAL EXERCE DE CURA

## **"Que a virgem do Rosário interceda pelos desempregados"**

13/05/2013

Confundindo responsabilidade institucional e filiação religiosa, o presidente da cámara municipal da Corunha, Carlos Negreira, pediu ontem à Virgem do Rosário, que "interceda por aqueles que están a pasar pior" como "os desempregados, os marginalizados e os doentes". Fê-lo durante a cerimonia da Função do Voto, celebrada na Praza de María Pita.

<http://esculca.net/web/node/3630#.UdaVbqwR270>



POR FUNCIONÁRIOS DE MANSILLAS DE LAS MULAS

## **Denuncian trato vexatório a familiares de preso galego**

14/05/2013

A plataforma **Que Voltem para Casa** denuncia que familiares do preso X. R., interno no penal de Mansilla de las Mulas (León), foron submetidas a trato vexatório o pasado día 11 de maio por funcionarios do centro. Um aparente falho mecánico do sistema de control e o uso arbitrário de medidas excepcionais derom pé às humilhaçons infligidas ao grupo familiar.

<http://esculca.net/web/node/3632#.UdaVTqwR270>



REPORTAGEM SOBRE O ÚLTIMO RELATÓRIO DA CPDT

## **Análise e descriçom das denúncias por torutras na Galiza**

14/05/2013

Diario Liberdade publica umha pormenorizada análise dos dados sobre torturas e maus tratos na Galiza referidos ao pasado ano 2012 e incluídos no último relatório da Coordenadora para a Prevençom e Denúncia da Tortura (CPDT). A reportagem saliente a importáncia das denúncias de persoas presas e movimentos sociais e inclui a descriçom de todos os casos denunciados.

<http://esculca.net/web/node/3634#.UdaVLKwR270>



XORNADAS DE EsCULcA NA FACULDADE DE CC.EE. DE OURENSE

## **A saúde, un dereito universal?**

17/05/2013

Os próximos dias 3-6 de xuño terán lugar na Facultade de Ciencias da Educación de Ourense as xornadas anuais que organiza EsCULcA na Universidade de Vigo, este ano sob o título: "A saúde, un dereito universal?". Os traballos decorrerán na aula 4.3 do Edificio de Ferro a partir das 16:00 e a inscrición é libre e gratuita.

<http://esculca.net/web/node/3636#.UdaVDKwR270>



15 DE MAIO – AL-NAKBA NO PARLAMENTO GALEGO

## **Reclaman que Israel cumpra as Resolucións da ONU**

17/05/2013

Como cada 15 de maio o pobo palestino conmemora a Al-Nakba. O desastre. O comezo do éxodo que obrigou millares de palestinian@s a abandonaren o lar e a terra, ocupados por Israel. Ese día o Parlamento galego aprobou unha resolución promovida por BDS-Galiza en que reclama á comunidade internacional que exixa a Israel o cumprimento das resolucións da ONU.

<http://esculca.net/web/node/3637#.UdaU7KwR270>



RELATAN TESTEMUÑAS DOS FEITOS

## **Detidas e contusionadas por atitude agresiva dun axente da PN**

18/05/2013

O pasado 11 de outubro, despois dunha marcha que decorrera sen incidentes por varias rúas de Ourense, un nutrido grupo de estudantes diríxiuse á Biblioteca Nodal, custodiada por un forte dispositivo policial. Segundo diversas testemuñas, a atitude dun axente desencadeou un altercado que se saldou con dúas persoas detidas e varias contusionadas.

<http://esculca.net/web/node/3638#.UdaUxqwR270>



EN VISITA DE CARÁCTER ESTRITAMENTE RELIXIOSO

## **Autoridades galegas civis reciben representante do Vaticano**

19/05/2013

O principio constitucional "ningunha confesión terá carácter estatal" volve ser cuestionado esta fin de semana en Compostela, onde as relacións de "cooperación coa Igrexa católica e demais confesións" se converten en mobilización das principais autoridades para recibir representantes do Vaticano que veñen participar nos seus actos litúrxicos.

<http://esculca.net/web/node/3639#.UdaUnqwR270>



POR DESVIACION DE PODER DE AXETNE DA PN

## **EsCULcA presenta escrito ao Valedor do Pobo**

19/05/2012

O pasado 13 de maio, EsCULcA presentou escrito no rexistro da oficina do Valedor do Pobo interesando se tramite queixa pola actuación dun axente da policía nacional que o día 26 de febreiro, ás portas do Parlamento, non só incumpriu a obriga de portar visíbel a súa identificación, senon que tamén negou a mostrar a unha cidadá o seu número de TIP e despois denunciouna.

<http://esculca.net/web/node/3640#.UdaUgqwR270>



BDS-GALIZA ANUNCIA BOICOTE AO CONCERTO NO GAIÁS

## **Cada concerto de Noa "un triunfo de Israel"**

21/05/2013

Esta noite Noa actuará no Gaiás nun concerto financiado con diñeiro público. A plataforma BDS-Galiza anuncia que estará presente na entrada do Museo para lembrar que a cantora israelita é unha das pezas fundamentais da campaña Brand Israel e unha embaixadora cualificada das políticas de ocupación e limpeza étnica do estado sionista.

<http://esculca.net/web/node/3642#.UdaUZKwR270>



POR TRATO VEXATORIO A FAMILIARES DE PRESO GALEGO

## **EsCULcA presenta queixa perante o Valedor e a Defensora**

21/05/2013

O pasado 22 de maio, EsCULcA presentou escritos perante a oficina do Valedor do Pobo e a Defensora del Pueblo interesando se tramiten queixas pola alegada actuación de funcionarios do cárcere de Mansilla de las Mulas (León) que terían submetido a trato vexatorio familiares do mozo galego X.R.O. interno nese penal.

<http://esculca.net/web/node/3644#.UdaUOawR270>



REFERIDA A ACTUACIÓN DE AXENTE DA PN

## **O Valedor admite a trámite queixa de EsCULcA**

24/05/2013

Con data 21 de maio, o Valedor do Pobo comunicou a EsCULcA a admisión a trámite da queixa apresentada o pasado día 13 en relación coa actuación dun axente da PN que negou a unha cidadá o seu número de identificación persoal e posteriormente a denunciou xunto da Subdelegación do Goberno, en clara desviación de poder.

<http://esculca.net/web/node/3645#.UdaUH6wR270>



DUN DISPOSITIVO CON IP DE ISRAEL

## **esculca.net sofre ataque informático**

25/05/2013

Na tarde do 23 de maio o servidor en que está aloxada a web de EsCULcA recibiu información sobre un ataque através do noso dominio (esculca.net). O ataque foi realizado por un dispositivo con ip israelita e posteriormente espallado a ip's de varias partes do mundo. Ignoramos se se trata dunha represalia intencionada pola liña inequivocamente anti-sionista do noso observatorio.

[http://esculca.net/web/node/3649#.UdaT\\_awR270](http://esculca.net/web/node/3649#.UdaT_awR270)



NUM PORTESTO CONTRA PROXECTO COMERCIAL

## **Agentes da PN teriam maltratado três moços em Vigo**

29/05/2013

B.A.P. e X.R.P. presentaron denuncia o pasado 27 de maio junto do Julgado de Instrução núm.3 de Vigo contra agentes da PN por alegados maltrato e tortura durante os incidentes que tiveron lugar em Cabral quando se celebrava unha assembleia sobre o proxecto comercial no monte comunal Linheirinhos a que se oponhem numerosas persoas.

<http://esculca.net/web/node/3652#.UdaT06wR270>





XORNADAS DE EsCULcA en OURENSE

## **A saúde, un dereito universal?**

29/95/2013

Os próximos días 3-6 de xuño terán lugar na Facultade de Ciencias da Educación de Ourense as xornadas anuais que organiza EsCULcA na Universidade de Vigo, este ano sob o título: "A saúde, un dereito universal?". Os traballos decorrerán na aula 4.3 do Edificio de Ferro a partir das 16:00 e a inscrición é libre e gratuita.

<http://esculca.net/web/node/3653#.UdaTtKwR270>



PROPOSICIÓN NON DE LEI

## **Que non se financien artistas favorábeis à ocupación da Palestina**

30/05/2013

Con data 23 de maio, as deputadas Ana Pontón e Montserrat Pardo (BNG) presentaron no Parlamento dúas Proposicións non de Lei (unha para ser discutida en Comisión e outra en Pleno) co fin de que, en cumprimento do expresado na Declaración Institucional da Cámara feita pública o pasado 15 de maio (Dia da Nakba), se adopte "unha actitude activa a prol da causa Palestina"

<http://esculca.net/web/node/3659#.UdaThKwR270>



DE ALEGADAS INXURIAS AO EX-XUIZ DECANO DA CORUÑA

## **O Presidente da Mesa absolvido por segunda vez**

07/06/2013

O presidente da Mesa resultou absolvido por segunda vez da alegada falta por "inxurias" por que o demandara o ex xuíz decano da Coruña, Antonio Fraga Mandián, despois de aquel lle ter recriminado publicamente o uso e xustificación da forma espúria La Coruña. As dúas sentenzas encadran as palabras de Carlos Callón no exercicio da liberdade de expresión.

<http://esculca.net/web/node/3666#.UdaTVKwR270>



O CONCELLO NON TOMA MEDIDAS

## **Denuncian agresións policiais racistas na Coruña**

09/06/2013

O Foro Galego de Inmigración, xunto co a Asociación Sen Papeis de A Coruña e outros colectivos da cidade herculina, ven denunciando dende hai varios meses o que cualifica de “acoso ao que está a someter a Policía Local de A Coruña ao colectivo de persoas migrantes nixerianas residentes na cidade, particularmente aos vendedores ambulantes”.

<http://esculca.net/web/node/3668#.UdaTOawR270>



CONTRA AS CONDICIÓNS EXTREMAS A QUE ESTÁ SOMETIDO

## **Preso galego con doenza grave en folga de fame**

10/06/2013

José Antonio Vilasó Pardavila, preso galego actualmente interno no Centro Penal de Mansilla de las Mulas, en León, iniciou unha folga de fame para protestar polas duras condicións de illamento a que está sendo sometido a pesar de padecer SIDA e cancro linfático en estado moi avanzado, que o obriga a seguir un tratamento de quimioterapia.

<http://esculca.net/web/node/3672#.UdaTFawR270>



A RAIZ DA DENUNCIA DUN GARDA DE SEGURIDADE

## **Imputan 11 estudants por unha protesta na USC**

11/06/2013

Once mozas, a maior parte deles estudantes da USC, deberán declarar en calidade de imputadas o vindeiro día 21 por uns supostos delitos de “desordes públicas, danos e lesións” acontecidos nunha mobilización universitaria o pasado 14 de marzo contra os recortes. A denuncia foi presentada por un dos gardas de seguridade presente na Reitoría.

<http://esculca.net/web/node/3673#.UdaS9qwR270>



EM DEFENSA DOS DIREITOS DE PRESO GALEGO EN LEÓN

## **EsCULcA presenta queixa à Defensoría del Pueblo**

11/06/2013

EsCULcA presentou queixa junto da *Defensoría del Pueblo* e á Junta de Tratamiento do penal Mansilla de las Mulas (León) pola situación do interno J. A. Vilasó Pardavila. EsCULcA demanda a abertura de expediente a fim de constatar se foron vulnerados dereitos fundamentais e o cese inmediato do réxime de isolamento a que está submetido na actualidade.

<http://esculca.net/web/node/3674#.UdaSsawR270>



CASO VILASÓ PARDAVILA

## **A Defensoría del Pueblo admite a trámite queixa de EsCULcA**

14/06/2013

Con data de saída 11/06/2013, Concepción Ferrer i Casais, Adjunta Segunda del Defensor del Pueblo, notificou a EsCULcA a admisión a trámite da queixa presentada ese mesmo día en relación coas inxustificábel réxime punitivo aplicado a D. José Antonio Vilasó Pardavila, interno no C.P. De Masilla de las Mulas (León) que padece doenzas graves.

<http://esculca.net/web/node/3679#.UdaSnawR270>



POR RIGOR INNECESARIOE TORTURA A INTERNO NO PENAL

## **Declara como imputado funcionario do CP de Teixeira**

18/06/2013

O pasado día 14 declarou perante o xulgado de instrución número dous de Betanzos, en calidade de imputado por delito de rigor incesario e tortura, o funcionario de prisións nº 312 do C.P. de Teixeira no decurso das dilixencias previas en que EsCULcA actúa como acusación popular e figuran como prexudicados os presos do módulo de isolamento FJFC e GWM.

<http://esculca.net/web/node/3686#.UdaSaKwR270>



A "DIMENSIÓN TRANSCENDENTE" DAS CLASES DE RELIXIÓN

## **Os bispos galegos em procura de clientela**

18/06/2013

Os bispos galegos saen en defensa das clases de Relixión xusto cando detectan que comeza a decaer no ensino público. Nunha carta conxunta remitida aos pais con motivo da Xornada Interdiocesana de Sensibilización sobre a Ensinanza Relixiosa e Moral nos centros escolares estatais e concertados, pídenlles abertamente que inscriban os seus fillos nas clases de Relixión.

<http://esculca.net/web/node/3687#.UdaSQawR270>



JULGAMENTO DE 4 INDEPENDENTISTAS

## **Observador de EsCULcA assistirá à vista oral na AN**

19/06/2013

Fernando Blanco Arce, advogado e presidente de EsCULcA, assistirá como observador à vista do julgamento oral que terá lugar os próximos días 24 e 25 de junho na Sala do Penal da AN (Sec.3ª) contra quatro persoas conhecidas pola sua ideologia independentista, segundo consta na comunicación enviada hoje (19/06/2013) polo noso Observatório.

<http://esculca.net/web/node/3688#.UdaSI6wR270>



EXIBIROM FOTOGRAFIAS DE PERSOAS NOM CONDENADAS

## **Menores declaram na AN por "enaltecimento de terrorismo"**

20/06/2013

Os próximos 24, 25 e 26 de Junho están citadas a declarar na AN 5 persoas menores de idade acusadas de enaltecimento do terrorismo por portarem fotos de independentistas em prisom preventiva na manifestación do 1º de Maio em Ourense. O mesmo julgado abriu diligências a outras 2 persoas por idéntico motivo, neste caso num ato do 25 de abril também em Ourense.

<http://esculca.net/web/node/3689#.UdaSAKwR270>



PROTESTAS CONTRA A BASE DE DRONES NO AERÓDROMO DE PALAS DE REIS  
**"A OTAN mata. Non queremos base de drones nas Rozas"**

20/06/2013

Un grupo de activistas de Mar de Lumes-Comité de Solidariedade Internacionalista manifestáronse o 19/06/2013 nas instalacións para amosar o seu rexeitamento ao uso militar delas e á súa cesión "á sempre e agresora OTAN" nunha campaña que será divulgada mediante cartaces na comarca de Lugo: **A OTAN mata. Non queremos base de drones nas Rozas.**

<http://esculca.net/web/node/3690#.UdaR46wR270>



CONTRA O DESPEJO DE AURELIA REI  
**Recurso contra multas por mobilización na Coruña**

25/06/2013

Un cento de persoas acompaña a presentación de recurso contra as multas impostas a oito persoas por participaren nas mobilizacións contra o desafiuamento, entre elas Francisco Jorquera e varios bombeiros, que contaron co apoio de afectad@s polas preferentes. Denuncian a "criminalización" que practica o delegado do Goberno.

<http://esculca.net/web/node/3698#.UdaRvqwR270>



CONTRA CATRO INDEPENDENTISTAS  
**EsCULcA detecta irregularidades en vista oral na AN**

26/06/2013

Á espera do relatório completo sobre o desenvolvemento da vista oral do procedemento 1/2012 que se segue na AN contra catro persoas galegas identificadas como independentistas, EsCULcA adiante algunhas irregularidades detectadas polo avogado enviado como observador que afectan ao principio procesual penal de igualdade en menoscabo de dereito de defensa.

<http://esculca.net/web/node/3700#.UdaRmawR270>



AFIRMA O TRIBUNAL SUPREMO

## **A Xunta vulnerou o dereito a folga**

28/06/2012

A Xunta de Galicia vulnerou o dereito a folga ao fixar servizos mínimos abusivos. Iso é o que confirma unha sentenza asinada pola sección 7ª da sala contencioso-administrativa do Tribunal Supremo con respecto da folga xeral do 29/09/2010. O TS rexeita o recurso da Administración galega e obrígaa a pagar 4.000 euros en concepto de custos.

<http://esculca.net/web/node/3701#.UdaRe6wR270>



POLICIA ESPANCA MANIFESTANTE CON MINUSVALÍA

## **Nos Xulgados de Tui**

28/06/2013

A pasada terza feira, durante unha concentración nos Xulgados de Tui das plataformas de afectad@s polas preferentes en solidariedade con dous imputados por denuncias da policía local, axentes municipais espancaron un manifestante minusválido, afirma Xulio Vicente. Xulio Vicente está acusado de chamar "gorilas" aos axentes por actuacións anteriores.

<http://esculca.net/web/node/3702#.UdaRF6wR270>



BOICOTE QUEER, GAY, LÉSBICO E TRANSEXUAL A ISRAEL

## **Com apartheid e ocupaçom nom hai Orgulho**

29/06/2013

Quase un centenar de persoas do colectivo LGTB de Galiza fam público o día do Orgulho un [manifesto](#) em apoio da campaña global BDS (Boicote, Desinvestimento e Sançons) em que criticam a tentativa de Israel de ocultar o *apartheid* e a limpeza étnica instrumentalizando as reclamançons deste colectivo mediante o chamado *pinkwashing*.

<http://esculca.net/web/node/3704#.UdaRAawR270>



VÍTIMA DE REPRESALIAS DA DIRECCION DO CENTRO

## **Agrávase a situación de Vilasó Pardavila**

30/06/2013

A J.A. Vilasó Pardavila, que continua en réxime de isolamento encuberto no cárcere de Mansilla de las Mulas a pesar das numeros das numerosas protestas que provocou a súa situación, é vítima de numerosas represalias, entre elas a supresión do traslado en ambulancia nas saídas ao hospital, o que repercute negativamente no seu estado de saúde, xa moi grave.

<http://esculca.net/web/node/3706#.UdaQ4awR270>

**Galiza, Julho 2013**